


ALCANTRIZ



MACEDA DE LÍMIA
OURENSE

ANO X Nº 9 AGOSTO 2018

ALCATRUZ



AGOSTO 2018
Nº 9
Ano X

SUBVENCIONAN:



Foto Portada:
Igrexa San Pedro e Castelo (Maceda)

EDITA:

A. C. "Aira das Mantas"

DESEÑO MAQUETA:

José Luis Rodríguez
Milagros Aldemira

MAQUETACIÓN:

José Luis Rodríguez

MONTAXE:

Yolanda Lloves Álvarez

COLABORACIÓN:

Milagros Aldemira Requejo
Santiago Prol
J. Pedro Prol Quintas
Xosé Parente Durán
Pilar Aldemira Requejo
M^a Carmen Aldemira Requejo
M^a Emma Isabel Pelayo López
Amalia González Otero
José Manuel Pascual Ramos

AGRADECIMENTOS:

Francisco Nóvoa Rodríguez
Antonio Pérez Guede

IMPRIME:

Tórculo Artes Gráficas, S.A.

SUMARIO:

Limiar	2
Vestixios dos nosos devanceiros (X)	3
Dende o máis fondo	6
Nos arquivos: Paraxes e rúas de Maceda	11
Elem. artísticos no Castelo de Maceda e na Igrexa de San Pedro	16
Pasatempos	22
Contos	23
<i>Metalla</i> no Medo:	
As cicatrices da terra.....	26



LIMIAR

Señoras/Señores asiduas/os, en maior ou menor medida, á nosa revista ALCATRUZ, chegados coa presente publicación ó ano 10 dende que alá polo ano 2008 editaramos o número 0 da bautizada como revista ALCATRUZ (só ausente no ano 2013) quixeramos de xeito sucinto, axudados da memoria, lembrarilles como foi este discorrer ata chegar onde hoxe, felizmente, nos atopamos.

Abofé que non sen termos atravesado -podemos dicir, en sentido figurado- camiños lamentos nos que houbera sido moi doado quedarmos atrancados; mais as nosas ganas, cal ariete, foron quen de facer que conseguimos ir ano tras ano sacando o número correspondente.

Por todo isto, cómpre dicir que ós actuais compoñentes da Asociación Cultural AIRA DAS MANTAS échenos de fachenda o ter chegado ata aquí, pero nunca sen deixar de recoñecer e agradecer a participación de todas aquelas persoas que fixeron e fan posible que este proxecto cultural vaia adiante. Dende os que economicamente puxeron e poñen os medios (Paco Rodríguez Novoa e Antonio Pérez Guede), ata os/as que coas súas colaboracións encheron e enchen de contido ALCATRUZ.

Señoras/Señores, imos rematar este Limiar deixando no aire unha pregunta para a que cadaquén vai ter unha ou outra resposta, mais nós imos quedarnos só coas nosas bonitas sensacións percibidas así como os variados comentarios recibidos -cada vez que un número da revista saía do prelo- ó longo destes moitos anos na procura do principal obxectivo que é divulgar/achegar a cultura galega no seu máis amplo significado, especialmente a da nosa bisbarra, ás xentes de aquí e de acolá.

E agora, a devandita pregunta: Algún dos contidos desta revista me aportou algo novo?

Pois iso,... Señoras/Señores, grazas por daren, en parte, sentido a esta publicación.

Foi e é un pracer.

Asociación cultural AIRA DAS MANTAS



VESTIXIOS DOS NOSOS DEVANCEIROS (X)

Santiago Prol

“Estou vendo a alborada que nace pola Serra: / achégase a ondada dun cántico inmortal, / e vexo que a montaña como un tesouro encerra / a cinsa do venerado Mariscal, / que aquilo é espreguiza gloriosa desta Terra, / que o Sol marca un vieiro romántico e triunfal” (Diante do San Mamede. Xosé Lois Parente).

TRADICIÓN POPULAR

O 21 de xaneiro de 1900 naceu Fernando Quiroga Palacios na antiga casa cuartel da Garda Civil [andando o tempo conformaría un dos fillos universais de Maceda co mariño João da Nova]. A comezos dos anos 30, xa de crego, fíxose amigo de Otero Pedrayo, Risco, Cuevillas, Xocas, Outeiriño... Publicou naquela altura na revista católica Logos [en clave galega] vindicando o traballo pastoral no noso idioma: “O crego da aldea non pode levar a cabo a súa misión esencial, a súa obriga de ensinar o Evanxeo, naméntres non o ensine en galego”. No verán de 1936 implorou para que non executasen ao poeta Manuel Gómez del Valle, amigo -e “camarada”- de Benigno Álvarez. Procurou que rebaixasen penas a outros condenados. No edificio do seminario ourensán habilitou unha sección para orfos de presos e paseados. En 1945 foi designado bispo de Mondoñedo. A cadeira arcebispal en Compostela acadouna en 1949. Tres anos despois foi nomeado cardeal. Tamén académico de honra da Real Academia Galega pola súa



defensa de Galicia. Outrosí Fillo Predilecto de Maceda e Fillo Adoptivo de Compostela e da Coruña. En 1958 presidiu, con Otero Pedrayo e Aquilino Iglesia Alvariño, a coroación de Ramón Cabanillas como Poeta da Raza en Padrón. Foi o 1º presidente da Conferencia Episcopal Española en 1966. Deulle pulo aos tres Anos Santos nos que estivo á fronte do arcebispado [1954/1965/1971]. Con eles sentou os alicerces do actual éxito Xacobeo. Conseguiu Quiroga Palacios que a liturxia se puidese empregar en galego. Foi o primeiro cardeal en toda a historia que oficiou unha misa no noso idioma, poucos meses antes do seu pasamento ao empardecer 1971. Dende o Concilio Vaticano II [cultivou fonda amizade con Xoán XXIII] converteuse nun cardeal aberto cunha pastoral preo-

cupada por Galicia. Está soterrado a carón do Pórtico da Gloria na catedral compostelá. O Cardeal de Galicia tivo a lucidez de encargarlle ao musicólogo López Calo, que repuxera os instrumentos que o Mestre Mateo gravurou en pedra granítica e que hoxe son unha extraordinaria realidade sonora, con memorábeis concertos na propia catedral compostelá, co gaiteiro Carlos Núñez á fronte.

En 1923 a Irmandade Nacionalista Galega de Ourense contaba con representantes en Maceda. En 1930 o inqueda poeta, telegrafista, letrado e boticario Xosé Lois Parente, que nacera na vila en 1903, estaba na órbita da Irmandade Galeguista de Ourense. Ao ano seguinte



consta militando no Partido Nazonalista Republicano con Otero e Risco e -axiña- no Partido Galeguista [PG] dende o seu nacemento en decembro daquel 1931. O bardo X. L. Parente [do que se cumpren 70 anos do seu pasamento neste 2018] semellaba un emprendedor notábel: exercía como xefe de Telégrafos en Maceda, rexentaba unha céntrica farmacia e asesoraba aos sindicatos da contorna de Maceda como xurisconsulto. Trouxo á nosa vila en 1932 a Alexandre Bóveda -ao que lle compuxo un poema patriótico- e tamén a Antón Alonso Ríos para un mitin a prol da Autonomía. En 1933 inaugurouse a Biblioteca Pública de Maceda, logo da iniciativa do galeguista Xosé Lois Parente e doutros sete veciños [José González Nóvoa da Sociedade Obreira; Marcelino Bermúdez, avo-



gado; Sergio Conde, farmacéutico; Julio Álvarez, párroco; Manuel Caride, oficial de Correos; Eloy Vidal, mestre e tamén Emilio Ramos Formoso, o “sempiterno” secretario do Concello. Conformaran a xestora que se tiña creado en 1929, para fundar a Biblioteca Pública -

hogano leva o nome de Francisco Carballo-, mesmo co respaldo manifesto do alcalde Pedro Requejo e o concelleiro Fabriciano Casado Palmeiro]. Outrosí co apoio e petición formal ao Goberno da República do deputado ourensán Ramón Otero Pedrayo co que compartiu Xosé Lois Parente, o 4 de novembro daquel 1933, un encontro político en Maceda, pois o “patriarca” presentábase como cabeza de lista polo Partido Galeguista ás Eleccións Xerais nesta circunscrición. Otero Pedrayo dirixira a súa intervención ás mulleres de Maceda e contorna, pois era a primeira vez que podían votar. As verbas de X.L. Parente recolleunas Heraldo de Galicia o 7 de novembro: “Quen se avergoñe das súas orixes e do emprego da nosa lingua, non merece ser deputado”. En marzo de 1934 constituíranse as Mocidades Galeguistas de Maceda con Juan González Coello como secretario xeral, persoeiro salientábel que, andando o tempo, chegaría a xuíz e logo a maxistrado.

Benigno Álvarez nacera tamén na vila o mesmo ano que Quiroga Palacios [1900]. Seu pai Demetrio fora alcalde de Maceda dende 1913 até 1919, ano no que finou. En 1923 Benigno Álvarez creou a Caixa Postal de Aforros local, co seu amigo galeguista Xosé Lois Parente e outras trece persoas da burguesía vilega [Abraham Movilla, Matias Bobillo, Aureliano Ferreiro, Ma-

nuel Casado, Cándido Bobillo, Sergio Conde, Antonio Domínguez, Eusebia del Riego, Sara Ramos, Eloy Vidal, Bernardino Fernández, Pablo Torres e Rogelio Fernández]. Ese ano tamén fundou Benigno, con Xavier Prado Lameiro e quince colegas máis, o Colexio de Veterinarios de Ourense. Distinguiuse como activista cultural en Maceda nos anos 20. Escribiu textos premonitorios no semanario La República: “Nos días de aparente calma diríxenos un militar: nos días de borrasca, precursora da gran treboada, os civís”. Outrosí de forte contido: “Feito con follas de pedra, gravado coa metralla e con ilustracións en vermello. Só da barricada sae o Código”. En 1930 dous amigos de Benigno, que tamén colaboraban en La República, impartían docencia en Maceda. Albino Núñez [avó do gaiteiro universal Carlos Núñez] e Baltasar Vázquez eran pedagogos avanzados. Dirixiran a revista Escuela del Trabajo, voceiro da Asociación de Traballadores do Ensino de Ourense [ATEO]. Os dous foran depurados por mor do que veu despois do verán do 36, con outros mestres daquel sindicato docente.

Ao día seguinte de proclamarse a II República en España [14 de abril de 1931], Benigno Álvarez presidiu a xunta administrativa do Concello de Maceda, exercendo como alcalde dez días [o 25 de abril fora substituído polo comerciante Manuel Casado



Arnáez e, dende o 11 de xuño, exercería como rexedor o habilitado de maxisterio e comerciante Pedro Requejo, que xa estivera nos anos 20 á fronte do axuntamento, mesmo como home de consensos]. Naquela altura Maceda abeiraba os 6.000 habitantes de feito. Pouco despois Benigno fora nomeado secretario de agricultura do Partido Republicano Radical Socialista [PRRS] en Ourense. No verán daquel 1931 ingresou no Partido Comunista de España [PCE], dándolle un xiro copernicano á súa vida e á da súa familia. En 1932 elixírono secretario político do PCE en Ourense. Interveu en galego no IV Congreso do PCE en Sevilla, inseríndose no seu Comité Central. Mesmo demandou un Partido Comunista en clave nosa. Presentouse ás eleccións de 1933 como cabeza de lista na provincia de Ourense pola Fronte Única cun resultado infrutuoso.

Na Revolución de Outubro de 1934, Benigno Álvarez mobilizou aos labregos e obreiros da contorna [entre os días 7 e 10], cun chama-

mento “para que se preparasen para tomar o poder”. No Monte da Torre (parroquia de Figueiroá, Paderne) xuntaran máis de 300 campesiños con escopetas, algunhas pistolas e bandeiras vermellas coa fouce e o martelo. A Garda Civil -por orde gubernamental- detivera a catro sindicalistas agrarios. Benigno e a súa irmá Neves [mestra casada con Francisco Barbado, un cadro relevante do PCE en Pontevedra] estaban “en busca e captura” dende o 30 de outubro. Pecháranlle a clínica e perdera a praza de inspector veterinario de Maceda e de inspector pecuario de Esgos “ao non atender as obrigas do seu cargo”. Nunha nota do Goberno Civil impretaban: “O gobernador Ibars Areste recibiu aos xornalistas, aos que lles dixo que

lle notificara ao alcalde de Maceda, para que lle comunicase por escrito se o profesor veterinario Benigno Álvarez se atopaba á fronte da súa clínica, para en caso contrario, proceder a súa clausura”. O 4 de decembro daquel ano a Garda Civil de Maceda detiña a Demetrio Álvarez, irmán de Benigno, ferrador de profesión e activista a prol do comunismo. Benigno refuxiouse na cidade da Coruña, onde viviu clandestinamente coa súa compañeira Enriqueta Iglesias Meana, quen deu á luz alí ao seu fillo Ícaro. No verán de 1935 regresaron os tres a Ourense. Benigno foi detido e permaneceu na cadea até a primeira semana de decembro. Logo virían meses frenéticos: a Fronte Popular, o plebiscito estatutario de Autonomía [que apoiaron Quiroga Palacios, Xosé Lois Parente e Benigno Álvarez], os tráxicos intres do Golpe do 36 e as súas demoledoras consecuencias...



BIBLIOGRAFÍA

Parente, X. L.: Con prisma azul (La Región, 1933).

Prol, S.: Quiroga Palacios. Traxectoria vital e pastoral (Encrucillada, núm. 103, 1997).

Prol, S.: Xosé Lois Parente, poeta e galeguista na II República (Postal Editores, 2006).

Prol, S.: Benigno Álvarez, un comunista na Galiza dos anos 30 (ANT, 2008).

Publicacións periódicas: Logos, Heraldo de Galicia, La República, Misión, La Región, Escuela del Trabajo, A Nosa Terra, Nós.

DENDE O MÁIS FONDO

Xosé Parente Durán

A MAÑÁ E O CARREIRO

*A mañá vén morna
e no aire recenden mesturas de flor e fresquío.
O tellado da terra
tinguido de gris de algodón.
E hai calma na fraga.
Os rechouchíos dos merlos
no rego que risca o lameiro.
E baixa o regato
co brinco da auga tocando unha peza.
E as pegadas na humidade da terra
debuxan a vacilante dirección do viaxeiro
Sen embargo non contan as penas
nin angustias, degoiros e desexos.
O cadro é sinxelo...
Un home, sen máis, e un carreiro.*




QUERER

*O lugar máis bonito do mundo
non ten mil cores alegres, que tamén,
porque está nos teus ollos
que cando te ris van soltando faiscas de mel.
O lugar máis bonito do mundo
non ten mil sons de paxaros chiando polo amencer,
porque está na túa boca
cando paseniño, me di ven.
O lugar máis bonito do mundo
non ten mil praias de mar e de sol,
porque está nos teus brazos,
que infunden calor.
O lugar máis bonito do mundo
chámase: QUERER.*



MACEDA

*Terra galega, serea, nova e vella,
afouta de seu, do legado herdado,
declive lene e abrupto
do Monte do Rodicio.
Horizonte ocre e azulado
do San Mamede erosionado
dos outeiros do Loureiro e o Pedroso
ata o val inzado de bidueiros e carballos.
Calma e harmonía nos regatos
debuxados coma serpes nos luas
no plenilunio máxico deste recuncho macedán.
Sacrificio na honra dos lares
pola ofrenda de nos daren
un tesouro que por non agochado
temos por veces menos valorado.*





Tentei ser o vento, un titán enorme sen forma, unha forza extrema, asoballante, incommensurable, que non se detén ante ningunha inconveniencia do camiño, mais o vimbio resistiu o meu embate porque ao meu paso cedeu na súa estrutura e acomodouse a miña traxectoria.

Tentei ser auga, potente, de incontente dimensión, de esmagadora contundencia, de resultados letais, pero a miña virulencia vese esganada pola burbulla miserable que foza con valor e érguese ata saír do meu ventre líquido.

Tentei ser lume, inferno que derrete todo canto atopa, preludio da cinsa miserenta que pon erma a paisaxe máis lucente, pero aí no baleiro, a falla de osíxeno murchou a miña arrogancia.

Tentei ser home, deixado xa das teimas fantasiosas, e niso estou, con anaquiños de vento sosegado, coa caricia da auga sometida e o lume adormecido da candeia, e niso estou.



UN BICO

*Unha paréntese por favor,
unha illa neste mar bravío,
preciso saír desta rutina,
deste amargor mollado en bágoas
cando a lúa traba no sono
e alonga a noite en horas insomnes e frías.
Preciso emigrar deste Liliput
de cativas satisfaccións e leria baleira.
Un whatsapp, un gústame nas redes,
miles de almas soas na virtual compañía.
E eu querendo ver o mar e o sol e o día...
E o tímido riso da túa boca
e o iris dos teus ollos tinguindo da súa cor
o aire que respiro
e o eco envolvente da túa voz
quentando con mil amores
os meus arrequizos.
E un bico...só quero un bico.*



NOS ARQUIVOS: PARAXES E RÚAS DE MACEDA

Pilar Aldemira Requejo

Os arquivos, son unha fonte inesgotable de datos, que custodian o patrimonio documental ó longo dos séculos.

Coa súa testemuña, decidimos publicar este artigo no que veremos reflectidos os nomes dalgúns paraxes e rúas de Maceda. Dende 1608 recollimos a toponimia de documentos oficiais, foros, inventarios, testamentos, Catastro do Marqués da Ensenada, compravendas de fincas, cesións, etc.

Cómpre dicir que a unificación dos nomes, ó longo do tempo, foi variando e así un mesmo lugar, pode aparecer de forma distinta, segundo a época ou os diferentes documentos consultados, e que, dende 1600 a ortografía tamén foi mudando, polo que nalgúns destes nomes se observa unha pequena variación ortográfica, que decidimos manter fielmente, tal e como aparecen nos documentos consultados.

En referencia ós nomes, moitos deles, como sucede en moitas das vilas e cidades, identifican a actividade que se desenvolvía nese lugar.

Así, en Maceda, por exemplo, atopamos a *Plaza del Grano*, propiedade do Concello, onde nas feiras se vendía todo tipo de grans, que contaba coas medidas oficiais; a *Plazuela de las Ollas*, onde se colocaban os alfareiros os días de feira, etc.

Tamén, algunhas prazas e rúas co paso do tempo reciben diferentes nomes, por exemplo, a actual *calle Principal*, nun tempo denominouse, *Camino de la Fortaleza* e despois *Calle de la Quincalla*, pois nas feiras vendíase quincalla; posteriormente, outra vez *calle Principal*, logo foi calle *José Antonio* e actualmente volta a chamarse *Calle Principal*.

Existiu unha praza no século XIX, que era de propiedade privada, pero que se utilizaba publicamente, chamada *Plaza de l*

Pulpo. Non é difícil adiviñar por que, non si? Nas feiras púñanse as pulpeiras, pois aproveitaban a auga da fonte do Alcatruz situada enfronte, para lavar os polbos. Na devandita praza, enfronte a onde está a farmacia, construíronse, posteriormente, varias casas e as pulpeiras trasladáronse ó Toural.


Outra praza privada era a *Plazuela del Sol*, comunemente coñecida como *Plazuela*, pertencía ós veciños desta, e foi cedida ó Concello no ano 1997.

NOTA:

A ortografía e mais a toponimia mantéñense fieles ás que constan nos documentos consultados, tal e como aparecen nas diferentes datas. Por certo, a placa é só unha licenzia nosa no artigo.



Aira do Medio ou **Aira das Mantas**: 1907, Terreno proindiviso denominado *Aira do*



Medio o *de las Mantas*.

Pequena aira que existía na actual Canella

Aira do Navo: 1889, Sita en Aira do Navo. 1904. Linda con la era de majar llamada del Navo o aira do Navo, y por el norte con Plaza del Grano.

Alcatruz: 1824, la casa del Alcatruz. 1841, El arroyo que de la Fuente del Alcatruz baja a la del Regueiro. 1847, Hasta el regato de la Fuente del Alcatruz.

Barbeito: 1713, Linda con Barbeito de Francos. **Barbeitto de Francos**: 1752 Centenera o Barbeitto de Francos cavida cinco ferrados.

Zona que queda á esquerda da estrada dos Milagros

Bouzo: 1889, Prado y monte linda al norte camino que va Al Porto. 1904, Prado y monte en el Bouzo.

Cabazal de bales: 1662, En la villa de Manzaneda de Limia, donde llaman Cabazal de bales, abaxo de la torre de Maceda.

Calle del Medio: 1800, Habita en la Calle del

Medio. 1857, Linda con la calle del Medio.

Camino de la Fuente de los Caños: 1879, Linda por la iz-

quierda con camino de la fuente. 1800, Por su derecha con camino que va a la fuente de los Caños. 1887. Linda por naciente con camino de la fuente de los caños. 1901, Camino que conduce a la fuente de los Caños.

Polo camiño do Porto que baixa dende a estrada dos Milagros ata o río onde está a charca e atravesa por debaixo da presa ata Tioira

Camino Real: 1798, Linda por delante con Camino Real. 1847, Demarca con tanque que orilla al Camino Real.

Canella: 1721, Y de otra con la carreira que llaman Canella.

Carballal: 1698, Encauza con la carretera que va al Carballal, y enlaza con el río. 1839, Más arriba de la orilla del río se dirige al Carballal.

Distintas denominacións da actual Avenida Aureliano Ferrero.

Carretera provincial: 1789, Linda por su fachada carretera provincial. 1871, Linda norte y poniente con el camino que va a la fuente de los Caños. **Calle Principal**:

1875, Domiciliado en calle Principal. **Carretera Principal** 1880, La carretera Principal que desde el Couso viene

a Maceda. Méndez Núñez: 1909, Domiciliado en la **calle Méndez Núñez** de esta villa.

Carreyra Coba: 1803, La posesión de carreyra coba.

Carreira do Porto: 1646 Demarca con la Carreyra do Porto y Carreyra do Agro.

Por baixo da fonte das Canteiras

Cios: 1752, Un sotto en os Cios. 1889, Casa pajar con rosio y parte de la era al sitio do Cio. 1804, Soto y huerta en os Cios. 1909, A ventana que da os Cios.

Cruce do camiño dos Milagros

Corgo: 1803, La cortiña que llaman do Corgo. 1811, Prado do Corgo. 1889 Labradío y terreno en el Corgo. 1904, Labradío y huerta no Corgo.

Paraxe na zona da ponte que hai na estrada de Baldrei

Cubelo: 1647, La tapada que se dice de Cubelo. Covelo: 1752, Puente de covelo. 1839, La tapada de Salguiña en Cubelo. 1841, Toda la tierra de tojal nombrada de Cubelo de arriba. 1847, Dos



suertes de monte en Cubelo.

Onde está o multiusos

Felga: 1713, Tres anegas de senbradura se dice, da Felga. 1811, Souto da Felga.

Paraxe dende o camiño de Chayoso a Baños de Molgas
Follateyra: 1658, La carreya que va de Chayoso a la Follateyra. **Follateira:** 1660, La carreya que va de Chaloso a la Follateira. **Follateyra:** 1666, Carrera que va del Chaloso para la Follateyra. 1752, El

Fuente Nueva: 1698, La huerta de la Fuente Nueva. **Fonte Nova:** 1811, Una suerte de guerta en Fonte noba, 1819, La mitad de la huerta de la Fonte Nova. 1889 Casa señalada con el numero 10, linda por su fachada calle Fuente nueva.


Juan II: 1889, Al sur la calle de Juan II que da a la Plaza Mayor. 1904, Casa habitación nº 4 de la calle Juan II.

Camiño que vai dende Ma-

man de los pulpos. 1880, Al sitio que llaman de los pulpos.

Actual poboado xitano
Pedroso: 1639, Heredad que dicen do Pedroso. 1713, Pedroso enfonda con el río. 1803, La leyra do Pedroso.

Penín: 1608, Cuió cabazal de tierra de Penin. 1660, Tres castaños que tienen donde llaman Penin. 1698 Demarca con el camino de Penin. 1752, Tiene este yndividuo en



arroyo de la Follateira.

Fuente de los caños: 1879, Casa que linda con la plaza de los pulpos y fuente de los caños. 1880, Camino de la fuente de los Caños y carretera Principal. 1888, Camino de servicio para la Fuente de los Caños.


ceda a Chaiosó

Lameyra: 1648, Tega y media de heredad que dicen da Lameyra. **Lameira:** 1698, La cortiña da Lameira. 1713, Cortiña que llaman de la Lameyra. 1839, La pieza nombrada da Lameira. 1904, Camino que va de Maceda a Chaiosó.

el sitio de Penin, cavida de navariza. 1811, Cortiña de Penin.

Diante do Bar Plaza e a Xoiería

Plaza del Conde del Moral de Calatrava: 1906, Casa sita en la plaza del Conde del Moral de Calatrava. (Este Conde foi senador por Ourense en 1901 e 1902)



Pulpos:

1824. El castaño de los pulpos. 1839, El castaño nombrado de los Pulpos. **Los pulpos:** 1879, Sita en esta villa y sitio que lla-

Praza onde está actualmente a Panadería Agustín
Plaza del Grano: 1904, Linda por el este con plaza del Grano.

Plazuela de las Ollas: 1861, Linda Norte con la plazuela de las Ollas y camino. (Situada na parte norte do Concello).

Plaza Mayor: 1820, Orilla con la Plaza Principal, 1889, Una casa de alto y bajo señalada con el número tres, sita en la plaza Mayor. 1904, Casa en la Plaza Mayor con el nº 3. (No ano 1875 denominábase **Plaza de la Constitución**).

Plazuela: 1713, Casa alta y baja a la Plazuela.

Plazuela del sol: 1813, Casa número 10 de la Plazuela del

de Ramuín termino de esta villa. 1768, Tojal que dice de Ramuín. 1803, Un prado en Ramuín. 1811, Leira de Ramuín. 1847, La pieza nombrada de Ramuín.


Reconco: 1657 El molino que llaman del Reconco que está en el río de Maceda. 1698, La finca do Reconco cerrada sobre si. 1713, Touza y prado del Reconco. 1803, La posesión del reconco.

Senrra: 1825, Un pedazo de cortiña al sitio que llaman da Senrra. **Senrras,** 1841, Camino de las senrras.

Arroio que nace cerca de Esgos baixa por Bustavalle, Zorelle, Vilarellos, e desemboca no río Maceda

Syrey: 1660, Touza que llaman Reboltiza de Syrey, de esta jurisdicción.

Girey: 1889 Prado linda norte regato de Girey



Sol. 1841, Linda con la Plazuela del Sol de esta villa. 1887, El camino que baja de la Plazuela del Sol al Regueiro.

Onde se construiu o colexo das monxas

Ponval: 1752, Marco del Ponval. **Pombal:** 1752, Centenera o pombal. 1803. Arrienda la cortiña del Pombal. 1841, Tojal con robles en el Pombal.

Porto: 1646, Demarca con carreya do porto. 1847, Y baja al Porto.

Quincalla: 1909, Os tendeiros da Quincalla.

Xunto á presa do río

Ramuín: 1713, Monte y tapada que llaman Ramuín de duas tegas de sembradura. 1734, Un pedazo de prado y monte en el sitio que llaman

1839, La centenera nombrada del Reconco. 1909 A robleda do Reconco.

Intersección entre a rúa O Rouso e a rúa Penín, onde hai anos existía unha fonte e foi trasladada uns metros mais abaixo

O Regueiro: 1752, Otra de navariza o Regueiro. 1811, Prado y labradío do Regueiro. 1841 Linda con el arrollo que de la fuente de los caños baja al Regueiro. 1887, Al sitio de regueiro. 1909, A cortiña do Regueiro.

Rouso: 1841, Camino que baja al Rouso. 1909, Baixando o Rouso.

Camiño vello de Calvelo
Seara: 1803, Arrienda la Seara. 1847, Otorga escritura de Foro de la pieza da Seara.

Sirey: 1904, Prado y monte, linda con regato de Sirey.

Toldas: 1752, Tiene la obligación de componer y reparar las tres Toldas necesarias para la feria. 1800, Pegada a las Toldas de la plaza. 1909, Detrás da capilla vella, qu'está cax'enfrente das Toldas. 1880, Casa pegada a las Toldas o soportales.


Toral: 1786, Linda de otra con camino y soto del Toral.

Toural, 1841, Un soto en el Toural. 1909, O Toural das vestas.

Paraxe que corresponde á saída de Maceda pola estrada de Ourense que abarca as dúas marxes da mesma, e que chega ata o río.

Uzal ou **Poulon:** 1713, El camino viejo que sale de dicho lugar para el Uzal. 1826, Al





que llaman del uzal. 1847, sitio para el monte del Uzal. 1889
 Atraviesa desde la fortaleza Prado linda este Río, Sur y


oeste el monte del Uzal, norte peñasco.

Veiga: 1726, Tojal y robles a lo largo de La carreira da Veiga.

Varxa: 1752, Marco da varxa.

Lado dereito da ponte

Viduedo: 1698, Demarca con el cerrado de Viduedo. 1752, Centenera en viduedo. 1803, arrienda sus dos leiras de viduedo. 1811, A leira de viduedo. 1847, La leira que llaman de viduedo. 1904, Labradío de dos ferrados en Viduedo.



Lembrámosche que podes colaborar connosco aportando ideas, participando na programación e/ou realización de actividades a desenvolver pola Asociación así como na elaboración de sucesivos números da revista ALCATRUZ e como non facéndote socio/a mediante unha pequena aportación económica.

A nosa é unha asociación sen ánimo de lucro, o que quere dicir que todos os ingresos (cotas socios/as e mais subvención/s, de habela/s) reverten integramente na realización das futuras actividades que, ano tras ano, levamos a cabo.

De teres a intención de brindarnos a túa colaboración, podes facérnolo saber mediante un correo-e a airadasmantas@gmail.com ou entrando en www.airadasmantas.com e logo nós contactaremos contigo.

A cota anual, establecida para o ano 2018, é de só 20 euros.

Se consideras interesante o que estamos a facer, COLABORA CONNOSCO!

A DIRECTIVA

ELEMENTOS ARTÍSTICOS NO CASTELO DE MACEDA E A IGREXA DE SAN PEDRO (ACTUACIÓNS, EVOLUCIÓN E ESTADO DE CONSERVACIÓN DE DEVANDITOS ELEMENTOS)

J. Pedro Prol Quintas

Unha das confusións máis habituais á hora de acometer obras nun edificio histórico é

alitzar con carácter reversible. É polo tanto un proceso de estudo histórico e científico que comprende unha valora-

longo do tempo, comprendendo os seus usos orixinais, o seu estudo iconográfico e de estilo, en relación a outras obras do mesmo autor, o estado de conservación e estilos da época. Digamos que unha verdadeira restauración débese realizar dende a hermenéutica da época, pois ten como obxecto, neste caso dende o punto de vista arquitectónico, a consolidación dun edificio ou parte do mesmo ás súas condicións ou estado orixinal. A reposición ou reprodución das condicións orixinais en relación ás necesidades de uso para o que foi concibido e destinado o devandito edificio,



Fachada orixinal anterior ó seu deterioro e incendios

definir o tipo de obras que se van realizar. Os restauradores empezan o traballo da peza, sexa unha escultura, pintura ou obra arquitectónica por un informe de restauración que adoita levar moito máis tempo ás veces, que as actuacións a realizar a posteriori; pois no devandito informe débese concretar un corpo de información e documentación moi exhaustiva sobre o ben cultural, e unha proposta de restauración con medidas moi concretas a re-

ción da peza coas súas diferentes actuacións e reformas a o



Balconada orixinal con 23 balaústres e 3 columnas







substituíndo de forma puntual os elementos que foron engadidos para levar dita obra ás súas características morfolóxicas orixinais, e poder ser mostrada como ben cultural.

A documentación gráfica sobre os restos arqueolóxicos adxacentes permítenos traballar na conservación e tratamento dos mesmos para a súa posterior reintegración,

adoptando as medidas máis apropiadas para a súa restauración. Fachada orixinal anterior ó seu deterioro e incendios. Outra cousa moi distinta son as obras de rehabilitación dun conxunto artístico, para adaptalo a novos usos e finalidades, modificando elementos puntuais, elementos estruturais e elementos de orna-



interven-
 cións, que en moitos casos modifican e “vernizan” as condicións orixinais da obra.

Balconada orixinal con 23 balaústres e 3 columnas. Na restauración dun ben cultural diferéncianse as partes novas ou reintegradas das partes orixinais. Na actualidade, a tendencia é conservar o ben antes de chegar á súa restauración, pois houbo nestes últimos anos, unha cantidade moi grande de dúbidas e controvertidas



O conxunto artístico formado polo castelo de Maceda, do s. XI, e a Igrexa de San Pedro, do s. XVI, xunto coa casa parroquial adxacente, hoxe desaparecida, forman un interesante conxunto con numerosos elementos artísticos a mencionar. No caso da parroquia de S. Pedro podemos observar a espadana de tres ocos na fachada principal da igrexa cos seus dous anxos custodios, tamén no exterior



Retablo lateral
dereito.



as tres inscricións, dúas no coro; unha delas de 1569 e unha á entrada da porta da igrexa de sagrado refuxio. O retablo maior en pedra cuxo orixinal estaba policromado, a talla de San Pedro, o retablo barroco en madeira do lateral dereito, xa desaparecido, e

do cal mostro documento gráfico, a sepultura plateresca dos Nóvoa con lenda e escudo heráldico, a pía bautismal onde foi bautizado o cardeal Quiroga Palacios, os tapices das paredes e un peto de ánimas á porta do cemiterio.

Moitos destes elementos están alterados por intervencións contemporáneas, as cales prexudicaron o ben cultural, e outros elementos xa desapareceron, como os tapices e o retablo barroco. A policromía orixinal do altar maior e a intervención dalgunhas das pezas da igrexa son recentes, recordemos a remodelación e posterior



reinauguración que tivo lugar o 17 de Febreiro de 1991.

Inscrición inferior do coro con policromías vermella e negra para o texto, con data de 1569. Espadana con tres ocos e dous anxos custodios. O estado de conservación é medio-baixo para os elementos ornamentais en remates do campanario. E os dous anxos custodios en posición orante son de factura moi tosca ou rudimentaria. Retablo dun só corpo con columnas de capitel composto, remate xónico con volutas e decoración floral en diversos elementos do entallamento. A cachotería mampostería organizada con perpiaños sillares en fiadas rectangulares ao descuberto e o encintado en cemento cosmos de cor gris, xunto coa limpeza do coro e o retablo recórdanos a intervención do 91, na que se reformou tamén o tellado. A talla de San Pedro, en madeira policromada, garda elementos orixinais, sendo o seu estado de conservación medio-alto. Non foi intervida. Igrexa de refuxio sagrado.

Retablo lateral dereito con pinturas de San Antón Abad, talla da Virxe co neno, escenas bíblicas e pais da Igrexa.





Solar antiga casa parroquial

Columnas salomónicas en pan de ouro. Un veciño de Maceda comentoume recentemente, que de neno recorda tapices nas paredes

vación é medio-alto. E a peza ten un gran valor artístico. O cambio de tipo de pedra e excelente factura contrastan co resto da construción. Escudo e lenda na parte inferior do sepulcro. Na reforma do 1991 retirouse a casa parroquial e aproveitouse a pedra para muros e recinto exterior.



Solar da antiga casa parroquial, obsérvase un oco de acceso lateral en mampostería cuberta de hedra. O conxunto da Igrexa de San Pedro perdeu algúns dos seus elementos artísticos, outros están alterados por sucesivas inter-

ven-
 cións,
 falta de
 policromía en múltiples obras. Os bens máis importantes como son o sepulcro dos Nóvoa,

laterais da igrexa de San Pedro. O elemento sen dúbida de máis valor artístico é a sepultura de estilo plateresco dos Nóvoa. Con heráldica e lendas na parte inferior. O estado de conser-

ven-
 cións,
 falta de
 policromía en múltiples obras. Os bens máis importantes como son o sepulcro dos Nóvoa,

inscricións, escudo e talla de San Pedro, mantéñense nun 80% do seu estado orixinal. Respecto ao castelo, o conxunto foi atacado polas forzas irmandiñas, e xa desde o s. XVII vaise deteriorando, sofre abandono e as hedras invádeno, varios incendios e espolios nos 70 e 80 deteriórano aínda máis. Declarado monumento Histórico Artístico, pola declaración xenérica sobre protección de castelos españois, *Decreto do 22 de abril de 1949. BOE nº 125 de 5 de maio.*

Finalmente con arranxo e acordo da comisión de goberno, logo de extensas negociacións entre o concello e a familia herdeira, con data a 24 de decembro asígnase a compravenda, por un total de corenta e dous millóns de ptas. O promotor é a Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo máis a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de Galicia. O proxecto asígnaselle ao arquitecto D. Manuel Seoane





Feijoo, a redacción do proxecto faise en 1996 co nome: *“Restauración de ELEMENTOS ARTÍSTICOS EN EL CASTILLO DE MACEDA Y LA IGLESIA DE SAN PEDRO. ACTUACIONES, EVOLUCIÓN Y ESTADO DE CONSERVACIÓN DE DICHS ELEMENTOS. Fortaleza de Maceda (I / Estudio previo para a rehabilitación integral para usos múltiples e albergue do Castelo de Maceda)”*.

A inauguración faise no ano 2004, e na actualidade está funcionando como Hotel monumento.

As obras realizadas teñen moitas críticas, tanto favorables como negativas, en relación a estas últimas, fálase de controvertida intervención en certos elementos do Castelo, e algúns estudos sinalan que “parte das solucións arquitectónicas ás que se recorreu non foron as máis axeitadas”. Muro e oco sobre o paseo de rolda. Estado de

conservación ruinoso e desprendementos sobre o chan. Perfil do muro lateral que mostra a inclinación das augas do teitume orixinal. Estado de conservación moi precario en ruína, sen vigas nin elementos sustentantes. Vista aérea e panorámica do conxunto na actualidade. Os elementos que a primeira vista ofrecen controversia en relación á interpretación das obras como “restauración” son sen dúbida, a fachada principal do complexo interior con ocos entrantes e saíntes na parte superior para dar máis luminosidade ás habitacións, o teitume de metal e os forxados para a balconada. Na parte exterior, a muralla defensiva mantén a súa integridade, pero sobre o paseo de rolda intervénse con lousas de pedra mo-

dernas, escavando o oco en forma de “u” para a súa incorporación nas antigas pedras da muralla. Estes catro elementos poderían ser tratados dunha forma máis acorde á morfoloxía orixinal do conxunto. En moitas outras obras civís e militares repartidas pola xeografía galega, respéctanse os tres elementos da arquitectura popular galega: a pedra, a madeira e tella en barro cocido. O cartel das obras de execución resaltaba a palabra rehabilitación con 5 fases. Creo que a diferenza entre restauración e rehabilitación queda clara.

A “restauración” dá importancia aos elementos e usos da obra para consolidar o seu





estado orixinal diferenciando as integracións novas co orixinal; mentres que a rehabilitación dá importancia ao uso que se faga da obra para adaptala ás necesidades actuais: hotel monumento, centro de exposicións, conferencias, restaurante, talleres.

Composición orixinal de 23 balaústres e 3 columnas na fachada principal para a balconada do Castelo, substraída e xa desaparecida. Este é un dos elementos arquitectónicos que máis deu que falar entre os veciños do pobo, pola súa desaparición da noite para a mañá. Outros elementos que se podían respectar son os ocos das vigas e

os canecillos onde van apoiadas para botar os pisos orixinais, e a cristaleira xunto coa torre de cemento para o ascensor. Neste último caso podía cubrir coas inclinacións do tellado. Tamén mencionar o estado de deterioro dalgúns dos materiais usados, como se pode comprobar no patio de armas. Para rematar, mencionar as marcas que os canteiros deixaron sobre as pedras e que dan para un estudo moi concreto sobre a

súa utilidade na cachotería mampostería, o reconto, o traballo realizado, o gremio. Supoñen un estético universo de carácter enigmático formado por símbolos gráficos abstractos. Para rematar, resaltar o labor de respectar e conservar todo o patrimonio da comarca de Maceda, como signo de identidade e bens culturais dos que podemos obter moi bos momentos de goce e deleite.




Fontes/ webgrafía: *Hotel monumento Castelo de Maceda. Proxecto ARG. Proxectoarga.com *Castelo de Maceda. Wikipedia, enciclopedia libre. *Tras las huellas de los canteros medievales: marcas de cantería en el castillo de Maceda. *Diferencias entre rehabilitación y restauración de un edificio. *Documentos gráficos sobre soporte digital Samsung Galaxy S8, cámara de 12 megapíxeles. *Documentos gráficos sobre o estado de conservación do castelo, aportados por veciños de Maceda. *Debuxos e esquemas persoais. *Análise e observación directa das obras.

PASATEMPOS

A. C. Aira das Mantas

HORIZONTAIS

1. Metal pesado, de cor gris azulada, dúctil e maleable. Apagado. 2. Semellante á figura do ovo. Quinta vogal. 3. Instrumento eléctrico cunha broca de aceiro para facer buracos. Utensilio alongado con superficie de lixa que se usa para desgastar as uñas. 4. (Ao revés) Nome de letra. Pasada rápida da vista, sen moita atención (Plural). 5. Terceira persoa do presente de indicativo do verbo narrar. Vestido tradicional das mulleres hindús que consiste nunha única peza de tea sen costuras e envolve e cobre todo o corpo. 6. Consoante. (Ao revés) voz repetida que se usa para arrolar aos nenos/as. Décimo oitava letra do alfabeto galego. Nota musical. 7. Vogal. Elemento que serve de base para o exacto coñecemento dunha cousa. Nome da letra L. 8. (Ao revés) ave trepadora de plumaxe de cor do tabaco que habita en Brasil, as Guaianas e México. (Ao revés) forma átona de segunda persoa en función do complemento directo. Substancia cristalina de cor branca, constituída por cloruro sódico. 9. Cada unha das dúas tiras de carne que están situadas ao longo do lombo do porco, unidas ao espiñazo. Preterito imperfecto de indicativo, verbo ir. Número romano, cincuenta. 10. Árbore orixinaria de Asia de madeira dura, follas lanceoladas e flores brancas ou rosadas de froito comestible.



VERTICAIS

1. Número romano. Propietaria ou dependenta dunha tenda, especialmente de comestibles. 2. Terreo de pouca extensión onde se cultivan fundamentalmente verduras, legumes e hortalizas. 3. Froito da vide. Acción de rodar. 4. Sensación de sono producida pola calor, o cansazo, etc. (Ao revés) negación. 5. Peza de certos mecanismos, en forma de barra, articulada con dúas pezas móbiles e transmite un movemento. Nome de letra. 6. (Ao revés) nota musical. Consoante. (Ao revés) Un máis sete (Plural). 7. Pronome persoal tónico, feminino plural. Primeira e segunda vogal. 8. Vogal. Tempo vivido por un ser desde o seu nacemento ata o momento que se considera, plural. 9. Emisión de gases ou vapores a alta temperatura a través de gretas ou fisuras en terreo volcánico. 10. Consoante. Desta, desa ou daquela maneira. Ela, en castelán.



DOMINÓ

Cantas cadeas distintas se poden formar coas 28 fichas de dominó? .


SOLUCIÓNS

POMBA / BUFO / XILGARO / MERLO / PARDAL.
MIRLA / VENGELLO / PEGA / VENGELLO / CEGONA

SUDOKU

Encher os ocos nas filas e columnas coas cifras do 1 ó 9.

Olló!: Non se debe repetir ningún nº na mesma fila, columna ou subcadrícula.



DMARZU

SOPA LETRAS

Busca 8 nomes de Aves.



CONTOS

Amalia González Otero

Estaban os rapaces do pobo no medio do souto xogando á pelota, cando chegaron os rapaciños de Maceda que como cada día viñan co seu pai, no coche, a coller auga na fonte que é moi boa e sae moi fresquiña. E mentres se enchen o montón de garrafas de plástico que traen, os nenos aproveitan para xogar á pelota cos do pobo.

Nisto, a meiga Lola pasou por costume, porque non lle gusta felices- e quedou medio escondo como lles podía fastidiar ós rapaces de maio.

De súpeto, oíuse unha freada! que estaban vendo: unha moto sonel que levantaba a roda de metros de distancia, polo un boi, medráronlle unhas cor-



alí -rosmando como en ela era que os rapaces xoguen e sexan dida tras da capela, tramando paciños aquela fermosa tarde

Os nenos non daban creto ó que conducía un mozo de Catrás e lanzaba ó condutor a 10 menos! Empezou a bufar como nas no guiador e enriba da roda

dianteira apareceu unha boca enorme da que saía unha longa lingua colorada ó tempo que botaba espuma pola boca e polo nariz. Sen deixar de bufar coma un touro bravo empezou a correr detrás dos rapaciños que estaban mortiños de medo. Foi entón cando un deles dixo:

- É mellor ir pola carreira abaixo, a ver se nos podemos meter nalgunha casa!

Mais segundo ían correndo os rapaciños, a xente ía cerrando as portas por medo á moto-boi. A señora María, a fraca, que estaba asomada á xanela dixo:

- Abofé que isto é cousa da Lola!

Xa estaba enriba deles, cando ó dar a volta no fondo do lugar derrapou e os nenos colleron algo de vantaxe e mentres a moto-boi emprendía outra vez a marcha, os rapaciños chegaron á altura

do poleiro da señora Obdulia, momento no que ela os colleu pola man e os meteu a todos no poleiro, pechando deseguido a porta, antes de que chegase a moto-boi.

Os nenos subiron polas táboas que teñen as pitas para apoleirarse de noite, quitaron un par de tellas e saíron ó tellado. Dende o tellado, con abraio, ollaron como a moto-boi corneaba na porta que parecía que a ía botar abaixo. As pitas estaban todas alporizadas:

- ca-ca-ca-ca!

E os galos, non lles ían atrás:

- co-co-co-co”

Aquilo parecía un fiadeiro!

A probe señora Obdulia era unha mullerciña vella, moi gorda, e non daba subido ó tellado, así que estaba engruñadiña nunha esquina do galiñeiro rezándolle ó San Xoán.

Nese intre chegou voando o cuco, pousouse no tellado, e preguntoulles ós nenos:

- *Que é ó que está a pasar eiquí?*

Cando os rapaciños lle contaron o que pasaba, o cuco foi avisar a todos os paxaros: ós vencillos, ó moucho, á curuxa, á carriza, ós pardaos, á bubela, e uníronse, tamén, a eles as abellas, para iren deica onde a capela e pegarse -a picotazos!- coa meiga Lola. A bruxa bramaba mentres tapaba a cabeza cos brazos:

-*Malditos paxaros do demo, deixádeme en paz!*

Fixérona subir na escoba e foron todos voando ata o poleiro para que desfixera o conxuro. Unha vez desfeito aquel desaguisado, a moto quedou tirada no medio da rúa, o rapaz de Casonel colleuna e foise de alí como alma que leva o demo!

De alí a un pouco, os paxariños despedíronse deles ata a próxima. Así mesmo, os nenos baixaron do tellado e logo de darlle as grazas á señora Obdulia e coller a pelota, volveron para o souto a xogar e segundo ían voltando, as portas das cociñas abríanse e empezaban a saír as mulleres.

Fin





Os rapaciños de Calvelo xogaban todos os días no souto, uns días á pelota, outros ó marro, ós tres mariños, ... e outros días cada neno levaba un xoguete que compartían cos outros.

Xa había un tempo que os nenos chegaban á casa sen xoguetes, polo que as nais rifaban con eles e obrigávanos a voltar a buscalos ó souto, pero os xoguetes nunca aparecían, sobre todo aqueles máis pequenos e de cores fortes ou brillantes. Chegou un momento en que os nenos xa desconfiaban uns dos outros, pero como lles faltaban a todos, chegaron á conclusión de que o ladrón era alleo a eles.

Un día sentaron a falar e decidiron que para saber quen roubaba os xoguetes tiñan que pór unha trampa. Esta consistiría en deixar un xoguete no souto e pórse a vixiar. E así mesmo o fixeron, puxeron unha miniatura dun Mercedes último modelo, deses que ata se abren as portas e mais o maleteiro: era moi bonito, de cor gris prateada!

Os nenos escondéronse detrás do carballo gordo e estiveron alí un tempo considerable, pero nada, o ladrón non apareceu. Os pobres rapaciños xa non sabían que facer. Nisto, pasou por alí a señora María, que viña da fonte e díxolles a estes:

Se queredes vixiar tendes que vos esconder onde ninguén vos vexa, por exemplo dentro dun cabaceiro, ollando polas fendas da madeira e así descubrir ó ladrón ou á ladroa.

Meu dito meu feito que así o fixeron: Os rapaciños metéronse no cabaceiro da tía Xosefa, a fraca, quedaron caladiños e a sorpresa que levaron foi monumental, pois a ladroa dos xoguetes era nin máis nin menos que unha pega que tiña o niño alí mesmo, no carballo máis alto do souto. Collía os xoguetes dos nenos e levábaos todos ó niño. Claro, por iso as pegas teñen o niño moito máis grande que o resto dos paxariños!

Os nenos avisaron ós seus pais, que subiron ó alto do carballo e alí atoparon os xoguetes roubados.

FIN



Metalla no Medo: As cicatrices da terra

José Manuel Pascual Ramos

A explotación estaño-aurífera en superficie do Monte Medo e a súa contorna, relevante conxunto mineiro que conserva múltiples vestixios, representa unha das maiores explotacións romanas en épocas *Julio-Claudia, Flavia* e posteriores (I-III dC.) do Noroeste peninsular, cunha superficie de 750 Ha, comparable ás *Médulas*, se non pola súa espectacularidade si pola súa extensión. A mina sitúase ao pé do santuario de Os Milagres do Monte Medo, longa lomba que toma o seu nome das formas que deixa a terra removida polo labor extractivo. O nome de Medo, como o de *Médulas*, refire a similitude dos restos da explotación mineira coas *medas* (apilamentos cónicos para almacenar e secar o cereal de trigo sobre os campos segados).

De antigo explótanse as concas medias do Sil e do Miño. Aínda hoxe, a fama aurífera destas zonas fluviais atrae un beneficio artesanal en puntos das súas canles que exercen as mulleres en San Clodio, as *aureanas* e *oureiras* do Sil e afluentes, ou as lavadoras de aluviós de casiterita (óxido de estaño) con ouro en Xirasca, Pesqueira e ou Viso.

Aquí o estudo presenta os tramos de concas fluviais dos ríos Tioira e o seu afluente o Castelo na contorna do monte Medo, onde se evidencian claras e abundantes probas de, beneficio de minerais, sen desprezar a derivada forxa, non só de estaño (como foi o caso do Baldrei explotado ata 1938), senón tamén de ferro e mesmo se sospeita de ouro.

A explotación a ceo aberto da área mineira do Medo integra o curso medio do río Tioira na súa ribeira esquerda, entre a curva do grande meandro do río desde Vilar de Cas, pasando fronte a Tioira, ata a ponte de Foncuberta e o recto antigo camiño dos carboeiros a Pías (hoxe pista forestal), preto de 575 Ha de claros vestixios, máis posibles 100 Ha xa arrasadas por actividade humana entre Vilar e Barxela, onde o xigantesco movemento de terras remodelou a paisaxe primitiva creando unha nova topografía e rede hidrográfica, reflectida hoxe en topónimos como “*corgas*” e “*outeiros*”, como consecuencia do escavado de canles e derivacións para guiar e distribuír auga, como a *corga d’Arzá*, *As Labradas* (no camiño




Fig 1. Etapas explotac. sector Tioira-Castelo (1956)



Vilar aos Milagres), os *outeiros grandes* (fronte a Vilar) e *pequenos* (fronte o Batán), os *corgos da forza, do mouro* (entre Vilar e Barxela) ou a *corga do viso*, incluso o *pedregal das goias* (este xa preto da ribeira de Foncuberta),..., angosturas polas que se evacuaban a auga e estériles. Ao anterior territorio súmase a explotación que se desenvolveu de forma notable alén do río seguindo o curso do Castelo: ao sur de Xinzo da Costa, o *espolón da Moura* con 30 Ha, veciñanzas deste núcleo, *As Casiñas*, *Os Pedreazos* ou *As Regatas*, que suman outras 15 Ha, ou ao norte de Lamelas, no crebado outeiro das *Millaras* con 35 Ha ás que se engade a título testemuñal as 2 Ha da explotación en corte de ladeira da *corga da Serpe* preto de Paioso. En total redondeando 750 Ha, que implica movementos de terras removidas, cribadas e lavadas superior aos 25 millóns de m³, unha das maiores explotacións a ceo aberto do Imperio romano (pensar que a área monumental das *Médulas* avalíase en 100 Ha).

A conca do río Tioira fórmaa unha rede hidrográfica que nace nos montes que a encerran, na que destacan os seus afluentes Castelo, Santiso, Cuvelo. A súa xeoloxía declara un dominio de granito hercínico no sector nororiental e de esquistos precámbricos ou paleozoicos no occidental, cunha orografía descrita por contornos redondeados e suaves, moi erosionados, rodeando unha veiga moi plana, ampla e fértil, idónea para asentamento de núcleos de poboación ao longo da Historia. Así, neste marco, é moi probable o beneficio de praceres fluviais en tempos castrexos, a partir do cal os romanos desenvolveron a explotación a gran escala mediante lavados superficiais, series de surcos converxentes e gabias-canles.

Roma, no sector Tioira-Castelo explotou depósitos secundarios sedimentados no val, aluviós froito da forte erosión e arrastre dos montes que acoutan a conca onde existen mineralizacións de estaño (casiterita) e de wolframio (wolframita), algunha explotada ata 1938 en Baldrei, entre as que tamén se aprecian arsenopiritas e outros sulfuros que acompañan ao ouro situadas no contacto entre os granitos hercínicos, dominantes en toda a zona de Norte a Leste: batolito do *Pedroso* ao que segue unha masa de cuarcitas e lousas (esquistos) do Ordovícico Inferior e do Ordovícico Silúrico nas *Penas-Viso* e a mole granítica de San Mamede, arrastrados pola erosión, o Tioira e o seu afluente o Castelo, que quedaron confinados nas concas sedimentarias en idade miocena, mediado o Terciario, aínda que a maioría son Cuaternarios, de maior potencia e intensamente beneficiados na confluencia ou nos meandros dos ríos. Un corte nos depósitos fluviais, permite ver a súa composición, areas, gravas, limos e cantos rodados, contendo minerais, como casiterita, arsenopirita, acompañantes do ouro.

En xacementos primarios, a mineralización de ouro asóciase a filóns de cuarzo encaixados entre esquistos e cuarcitas do Precámbrico e Cámbrico-Ordovícico en estreita unión ao contacto entre ambas as masas rochosas. As partículas de ouro aparecen ligadas en especial a arsenopiritas que levan os filóns ou lentellóns de cuarzo dispersos entre a rocha encaixante. Pasada a barreira da lomba do Medo creada no embate de arrastres do Tioira sobre o Arnoia, este, tras recibir a tal afluente, entra nos terreos do dominio granítico, onde xa non se detectan explotacións na conca, probando así a asociación da mineralización aurífera coas zonas cuarcíticas antes aludidas, tamén orixe dos aluviós beneficiados.

Así, nesta masa sedimentaria de aluviós do Cuaternario e Plioceno, resulta do embate do río Tioira contra o Arnoia, beneficiáranse tanto praceres estanníferos como auríferos, aplicando o mesmo sistema de explotación propio do ouro. Serían, segundo Plinio (NH, XXXIV, 157), unhas *alutiae*, depósitos aluviais en que nas mesmas areas nas que se atopa estaño aparece tamén o ouro. A técnica extractiva dos xacementos secundarios consiste no lavado dos depósitos minerais con auga traída cunha rede de canles. Esquema de explotación que segue un patrón de series de sucros converxentes (peiteado) para beneficiar sedimentos de pouca potencia e gran extensión ao comezo do proceso de extracción do conglomerado, e combinación de gabias-canles con curtas de arrastre que serven para esquilmo na súa totalidade. Os espectaculares labores do Monte Medo, e contorna inmediata a Xinzo da Costa,

explotáronse con grandes series de sucos converxentes na súa maioría, tamén con sistemas de gabias-canles e curtas de arrastre, ata niveis onde quedaban acumulados os praceres de estaño e ouro dado o seu relativo elevado peso. O cascallo resultante da explotación formado por notables acumulacións de cantos rodados (*murias*), sobre todo de cuarcita, obsérvanse na zona descrita, conservados sobre terreo comunal, xa que o labor agrícola cambiou a antiga paisaxe.




Fig 2. Sistemas de explotación superficial. “peite” ou “arado”, labor de sucos paralelos e pouco profundos que acaban nunha só canle de desagadoiro onde se recollía o mineral, lavado para coar amplas zonas de sedimentos de potencia menor a 10 m. Ao ser obras superficiais é difícil de ver a nivel de terra, pero si destaca en fotos aéreas. Gabias e curtas de ladeira son desmontes máis profundos que deixan maior pegada na paisaxe. Un trazo común é a abundante acumulación de murias ao longo das canles no primeiro método, e ao final da escavación nos outros. (*Muria*: chea de estériles de mina. Nas zonas de depósitos terciarios e cuaternarios intégrana sobre todo cantos rodados.

Imaxes ariba: Vistas, aérea e en terreo, do labor de tipo peite na Moura (Xinzo da Costa), con gran acumulación de murias.



Imaxes abaixo: Corta en ladeira: desmontes cortando a pendente da ladeira, formando vaguadas ás veces confundidas con actividade fluvial ou glacial. Na súa parte baixa adoita haber acumulacións de murias. (Corga da Serpe, Regatas-Pedreazos).



O caudal de auga necesaria na explotación do Medo tomábano do río Tioira á altura de Pías, a cota 620 m, na pechada curva antes de Barxela, nunha presa en “As

Balsas” de onde nacía a canle

(*corrugas*) que percorría case 3 km por “Os Carricovos”, onde aparece cerámica romana, ata chegar aos depósitos situados á altura de Vilar de Cás, a cota 600 m, depósitos das Casiñas intermedios para impulsar con máis forza a auga contra a masa térrea. Na Moura e Regatas en Xinzo, ao caudal procedía do Castelo, seguramente viría da presa das Longas, en tanto que o faríao dunha presa á altura de Os Cantós. A explotación das Millaras canalizábase cos regachos do Pedroso.

A extracción facíase con mallas de breixo que cribaban a mestura de arxila e cantos, que lavada por auga separábase o mineral depositándose o material tamizado, cantos rodados, lentellas de casiterita e pebidas de ouro.




Os cantos retirábanse e apilaban ao carón, o lodo e arxilas escurridos corrían cara ás brechas derramándose en abanico cara o río. O breixo secaríase e queimaría rescatando os minerais ao lavar a cinza. Por contra o desmonte por arrastre por forza da auga (*arrugium*) foi o que socavou as citadas *corgas*.



O gradual proceso de procura e beneficio mineiro ampliaríase, axudado pola rede fluvial como básica vía de avance ata os xacementos, sendo os praceres o indicio a seguir. Pero o rastrexo e posta en valor de tales recursos esixía labor sistemático e total control territorial que a fíxese viable e sustentable. O distrito mineiro integrado polas ribeiras do amplo meandro do río Tioira (fig. 1) do Monte Medo e as inmediatas de Lamelas e Xinzo da Costa, mina aberta de enorme extensión (800 Ha), (fig. 1 e 3) con mostra de enorme actividade mineira, forzoso tivo que ter unha dilatada explotación. Para aproximar a secuencia cronolóxica do labor, tal e como está hoxe o Medo, é esencial dispoñer de fotos aéreas (ao caso de 1956 e 2014), que mostran un terreo cun cambio no uso do chan por repoboación forestal de piñeiros (fig 3a) ocultando o labor romano (fig 3c). O uso de técnicas de análise superficial do terreo, baseadas en estereoscopia de fotos aéreas, entre elas o estudo da nube de puntos xerados con LIDAR aéreo da área, máis o procesado da información, que identifica series de estruturas lineais, depósitos primarios e secundarios, curtas, etc. evidencian a minaría romana. O método crea efectos como os Modelos Dixitais do Terreo, que filtran arboredo e outros elementos da nube para conservar só os de chan. Unha técnica de análise desta superficie, o MRM (Morphological Residuals Model), resalta microformas positivas e negativas a escala local, detectando mellor elementos arqueolóxicos que implican escavación ou acumulación de terras, etc. (fig 3d)

Fig 3. Zona mineira de Os Milagres do Medo: situación actual SixPac (a), aplicación LIDAR, en 1956 (c), procesado MDT (b) e MRM (d).

Á marxe de desmontes illados (E I en fig 1 e 3), diferéncianse catro etapas na zona entre Tioira e Vilar



(E I a E IV en fig 1 e 3), de fácil identificación que contrasta peites, gabias-canles, cortadas, etc. Como mostra a (fig. 3), a intersección e solape dos labores de extracción, coas súas fronteiras de labor, canles de evacuación e acumulacións de estériles, aos que se engadirían os restos da rede hidráulica (que hoxe só identifica os últimos depósitos de auga) (fig. 1), establecen unha cronoloxía relativa e definen como foi o progreso dos labores polas diversas estruturas mineiras. Aínda que o estudo precisa máis contraste sobre o terreo ao abarcar os restos visibles a nivel de terra unha gran extensión (fig. 6), é difícil datar de forma absoluta as fases de explotación, pero si é evidente, tras a análise secuencial e a dimensión dos labores, ver que foi unha actividade de longo prazo (ss. I-III dC.), imposible de facer en curtos períodos.

Fig 6.
Vista xeral da
área mineira
do Medo
desde a
abadía de
Pedroso. En
primeiro
plano Os
Outeiros
Grandes sobre
Vilardécás.



Zonas da explotación mineira do Medo (3 fotos inferiores)

Á parte da técnica extractiva e o impacto na paisaxe, que mutou o monte Medo e arredores a unha gran extensión rota e fracturada, abandonada tras a explotación aberta romana na busca de metais, a actividade mineira tivo que actuar como motor de cambio histórico, integrando a minaría no marco político romano. Os castrexos do val de Maceda xa obterían ouro, pero só por bateo dos ríos (escala moi reducida). É Roma a que inicia e implanta a explotación sistemática e extensiva dos seus recursos auríferos (tamén a acaba), cunha redefinición territorial que supuxo instituír un novo marco fiscal: a civitas (algo como tribo). "*A minaría romana no Noroeste comeza ao comezo do s. I dC., co fin da conquista, implantar a ritmo da reforma sociopolítica das comunidades locais rexida polo Imperio e cesa toda minaría aurífera extensiva a gran escala na transición do s. II ao III dC. Sanchez Palencia*".

A mina, recurso capital do Estado, foi esencial na evolución do dominio romano de *Gallaecia* no políticas *julio-claudia* [27 aC. - 70 dC.] e *flavia*, [70-100 dC.], aínda que a cuestión do estaño estea aínda confusa, pois o *metalla publica* do ouro só o explota o Estado, pero non así o estaño. Así no beneficio conxunto de ambos os minerais, habería de precisar o alcance do seu control. pero, desmontes e fronteiras mineiras avanzaban segundo esixía a propia explotación, e, no seu progreso, os territorios mineiros pasarían a ser *ager publicus*.

Dise que a romanización social e económica da *Gallaecia* débese á política flavia, cualificando o s. I dC. como transición que mantén as antigas estruturas, residuais pero útiles a Roma, ordenándose o goberno de Roma sobre a estrutura étnico-política prerromana como base administrativa ata a total creación de *civitates* en época *flavia*. Aínda que tamén se respecta a influencia do *conventus* (grande territorio) augústeo como elemento de control básico no s. I nun marco de fragmentación, dispersión do poboamento e ruralidade.



Pero outra teoría, aplicable á área do Medo, destaca o papel dos distritos mineiros, segundo a tese de que o control romano desde o inicio da ocupación induciu políticas tributarias, que afectou á poboación local causando o ocaso do tecido social prerromano, e, aínda que a minaría non arrinca ao comezo da ocupación, si o fai a ordenación administrativa, territorial e fiscal, base para o beneficio mineiro avalado pola política de Augusto que, estimando todos os recursos dispoñibles, incluíndo minas, impón un tributo regular en todo o Imperio (segundo Dion Casio): nova forma de dominio territorial na que ao interese de economía de guerra séguelle unha ordenación metódica e regular recadatoria. En Gallaecia dátase a creación de *civitates* tributarias desde o inicio da ocupación (edicto do Bierzo, 15 aC.). Tamén se usa *civitas* como sinónimo de gens, probado en precoces citas como *orixines* en ronseis funerarios ou o pronto articulado do territorio en civitates ben delimitadas en censos administrativos: do 2-3 dC. son os *termini augustales* da veciña Salamanca notando os lindes entre as *civitates* de Mirobriga, Salmantica e Bletisama ou a temperá epigrafía citando civitates da Tabula Lougeiorum (1 dC.), ou xa con Claudio dátanse limítelos de pratae lexionarios e territorios das *civitates bedunienses* e *lugones* achados en *Soto de la Vega* e *Castrocalbón*.


As medidas de Augusto actúan sobre territorios e poboacións orientadas a cobrar impostos imperiais, que explican as novas formas de ocupación territorial no s. I dC. As *civitates*, as novas entidades políticas rexionais, foron a base da reorganización territorial e social, fundando unha sociedade de clases con elites fieis lle e útiles a Roma, e man de obra rural para producir excedentes en produtos e traballo para o tributo, dedicando parte de ano a traballar nas explotacións mineiras, como parte dos seus deberes fiscais con Roma.

Na contorna do Medo, territorio da *civitates interanmici* datada na columna conmemorativa dos Pobos da ponte de Chaves (Portugal) (latín *amnes* = río, rexión entre ríos), a man de obra necesaria sería enorme, amais da vixilancia militar e administrativa implícita no proceso. As minas aquí non as procuraron escravos, senón a poboación local que habitaba os seus castros en esencia campesiña, que pagaba o seu tributo a Roma en forma de traballo parte de ano. Só así se comprende o despregamento de grandes infraestruturas hidráulicas e a apertura de grandes labores, cuxa rendibilidade hoxe sería considerada fútil. Os castros implicados serían os de Santa Marta, Malamao en Escuadro, Arnuide, ... sen considerar os habitáculos temporais de poboación allea á zona. O goberno de todo o distrito mineiro estaría a cargo do *procurator metalorum*. Rivas Q. supón a súa residencia en *Os Valcobobos* de Xinzo da Costa seguindo a lenda da existencia dun rei no lugar; aínda que bo lugar candidato sería a reitoral de Tioira, ou o propio Xinzo como testemuñan as súas ruínas. Tamén se localiza en Cimadevila resto dun campamento para un reducido destacamento militar.

Os cambios realizados no s. I concréntanse no s. II reflectíndose na forma de ocupación territorial e poboamento reorientada pola política flavia reordenando poboación e recursos (concesión do *ius Latii* a cidades, que leva dereitos, un censo do 72 dC,...). Neste marco a minaría foi esencial, sobre todo polo alcance fiscal das reformas flavias buscando rendibilizar ao máximo os recursos. Sen concretar o alcance desta política, constátase que a traza da Vía Nova de case 300 km de lonxitude de pendentes inferiores ao 8% (o que facilita o transporte) e ancho mínimo de 6 m, fíxose no 79-80 dC. comunicando dous principais núcleos augústeos no territorio, *Asturica Augusta* (Astorga, León) e *Bracara Augusta* (Braga, Portugal) vincúlase de pleno ás explotacións mineiras, aínda que non sexa en si unha novidade flavia senón a consolidación dun trazado que xa estaría activo antes: a Vía Nova “*forma parte dun sistema orientado cara ao control do territorio e a súa explotación*”. Dado que antes e despois houbo outras vías que tamén unían devanditos núcleos, “a traza da vía estableceuse para buscar a mellor forma de articular as explotacións mineiras e as comunidades locais para aplicarlles o seu sistema impositivo” (Centro de Ciencias Humanas y Sociales del CSIC), “*diferenza significativa entre a Vía Nova e o resto de calzadas romanas*” (J. Sánchez-Palencia). Grande parte da traza da Vía discorre pola provincia de Ourense, pasando xunto ao distrito mineiro do Medo.

Fig 7. Distribución de labores mineiros auríferas (cor) e a súa relación coa Vía Nova e civitates na conca meridional do Sil e Miño.

Quizais antes en certos territorios actuara xa outra tendencia organizativa agora máis evidente: a localización de zonas mineiras en límites entre *civitates*, (fig 7): no Sil entre *Lemavi*, *Tiburi* e *Lougei*, na área mineira das Médulas *Susarorum*



limitarían con *Gigurri*, *Lougei* ou *Tiburi* (*civitas* articulada polo río Bibe), a da Terra do Bolo sería linde entre *Gigurri* (Valdeorras) e *Tamaqani* (conca do Támea). Asociar zonas fronteira e mineiras baséase no vínculo entre localización de xacementos auríferos e zonas montañosas, xa de seu límites aptos para definir entidades territoriais con nexos xeográficos suficientes para ser *civitates*. Menos claro é o caso de ríos, como do Tioira, en xeral eixos vitais de entidades xurisdicionais, pero seica ás veces actuaran como factor visible de delimitación. No tema do Tioira e o seu afluente o *Teoirá*, a orixe do hidrónimo sería prerromano *TENORIA > *TENIS “gordura; riqueza” + *ORIA “bordo, fronteira”. Así TEN(A) ORIA > Tioira, lit. “fronteira rica”, entre *Limici* (da Baixa Limia) e *Interamnice* (xentes entre ríos), esta *civitates* confirmada polo achado d a lápida dedicada a Quinto Licinio en Asadur, amais de entre *Tiburi* (ao leste), *Lemavi* (ao norte) e a posible *civitas Aurensis* ao oeste.

Lápida de Asadur do s.II-inicios do III dC., evidencia que este notable, posible *curator rei publicae* ou *defensor ciuitatis*, protexeu a esta *res publica* (*interamnici*) fronte ás esixencias do fisco imperial: Q(uinto) Licinio Veget[ou] / res p(ublica) Int(eramicorum) / super alia con/plura merita / pares cum fisco / rationes infati/gabili cura et / industria eius / consecuta. A Quinto Licinio Vegeto; a *res publica* dos *Interamici* (dedícallo), ademais de polos seus moitos méritos, porque (a *res publica*) obtivo un estado de contas equitativas co Fisco grazas á súa acción infatigable e celo.

Tal situación limítrofe dalgúns grandes zonas mineiras galaicas seica beneficiara a Roma. Por unha banda a localización fronteiriza facilitaba o traballo das *civitates* lindeiras nas explotacións asignándose as necesidades relativas ao achegue de man de obra e así, os funcionarios imperiais supervisarían a necesaria coordinación rexional, atenuando a función de cada entidade local nun proceso de explotación estatal clara, situada nas marxes tanto físicas como políticas das *civitates*. Tamén o carácter das minas como *ager publicus* cobra maior entidade nun sentido espacial e administrativo. Cando funciona a Vía Nova e a reforma territorial iniciada en época flavia eclosionan os *fora* (pequenas cidades). Preto do Medo xorde o *forum limicorum* dos *Limici* cuxos restos están Nocelo de Pena, aínda que os de Xinzo de Limia tamén son notables. Mesmo problema aparece cos *Tiburi* e Trives Vello/Castro Caldelas.

Como anexo coméntase o feito de que aparece nalgún lugar do Medo mineral de ferro (olixisto, hematites vermella ou óxido férrico) de grande calidade en finas capas de cor desde marrón terroso a negro, mesmo amarelo (limonita), ás veces en superficie, noutras baixo a capa de arxilas e gravas, suxerindo formación sedimentaria.

Os fornos de fundición estarían apartados da explotación. Nun prado preto de Batán, ao facer un pozo afloraron terróns de canto rodado que ao reunilos parecían un residuo metálico, quizais unha forxa ou seica fora casiterita fluvial. O camiño de Tioira a Os Milagres pasa polos *Rebordiños*, e pasados estes, ao labrar unha leira achouse unha pequena traída de auga, achándose grandes ladrillos cadrados romanos no seu laboreo en 1950, e noutra veciña un muíño de man e preto, nas Pereiriñas a familia Pascual topou ladrillos romanos con sucros en aspa.



D. Omnia Urbes, y Binges

Italia, Aetate in 1810

